

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 22 SET 2023
ata a día 23 OCT 2023
O XEFE DA OFICINA DE
PORTERÍA E VIXIANCIA

3

Anuncio

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD TRES (3) PRAZAS DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 15 de setembro de 2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de Decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, tres (3) prazas de Axente Emprego e Desenvolvemento Local, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal laboral, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditados polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co

punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Enrique Flores Lamas, para ocupar a praza número 3338, denominada Axente Emprego e Desenvolvemento Local, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Axente Emprego e Desenvolvemento Local Entrada número 1417, vinculado á citada praza.

Dona Vanesa Vilela Gómez, para ocupar a praza número 3339, denominada Axente Emprego e Desenvolvemento Local, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Axente Emprego e Desenvolvemento Local Entrada número 1418, vinculado á citada praza.

Don Jesús Francisco Corredoira Ceide, para ocupar a praza número 3340, denominada Axente Emprego e Desenvolvemento Local, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Axente Emprego e Desenvolvemento Local Entrada número 1419, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 18 de setembro de 2023 .- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2954

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 SET 2023
ata a día 23 OCT 2023
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

